

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 8121** *Real decreto 566/2010, do 7 de maio, polo que se modifica o Real decreto 258/1998, do 20 de febreiro, de modificación parcial do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios nas apostas deportivas do Estado e outros xogos xestionados polo organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado, e se ditan normas complementarias.*

Os criterios de distribución da recadación e os premios nas apostas deportivas do Estado que establece o Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e os premios nas apostas deportivas do Estado e outros xogos xestionados polo organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado, foron obxecto de sucesivas reformas que, ademais de modificar a porcentaxe asignada aos clubs de fútbol profesional e á Liga Nacional de Fútbol Profesional, afectaron ou vincularon o destino das cantidades recibidas ao cumprimento de diversos obxectivos.

Orixinariamente, o citado Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, fixou unha porcentaxe do 1 por cento da recadación para a Liga de Fútbol Profesional e dun 7,5 por 100 para o Consello Superior de Deportes, establecendo a súa afectación á atención das citadas obrigas financeiras derivadas do plan de saneamento. Con posterioridade, e xa que a Liga Nacional de Fútbol Profesional cancelou de forma anticipada o plan de saneamento e asumiu a débeda pendente con medios de financiamento propios, o Real decreto 258/1998, do 20 de febreiro, de modificación parcial do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e os premios nas apostas deportivas do Estado e outros xogos xestionados polo organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado, e se ditan normas complementarias, aumentou ata o 10 por 100 a porcentaxe da recadación que lle corresponde percibir á Liga Nacional de Fútbol Profesional.

Este incremento vinculouse ao cumprimento de dous obxectivos prioritarios; por un lado, e en primeiro lugar, asegurábase o cumprimento das obrigas asumidas pola Liga con motivo da cancelación anticipada do plan de saneamento, obrigas que se deben satisfacer de forma preferente. Por outro lado, e en segundo termo, vinculábanse estes ingresos co financiamento das obras de adecuación e adaptación das instalacións deportivas que albergan competicións de fútbol profesional ás normas sobre seguranza e prevención da violencia nos espectáculos deportivos, ao establecer a obriga de destinar para este fin un mínimo do 30 por cento do importe percibido pola Liga e os clubs de fútbol profesional.

Os investimentos realizados en materia de seguranza nos estadios e recintos deportivos de clubs de fútbol profesional durante máis dunha década dotaron as instalacións dos elementos de seguranza previstos nas normas de seguranza establecidas a nivel internacional e son plenamente homologables cos recintos deportivos doutros países que, como España, están na vangarda neste ámbito. A maioría dos estadios que albergan partidos de fútbol profesional encóntranse adaptados ás previsións establecidas en materia de seguranza e prevención da violencia nos espectáculos deportivos e, por iso, o volume anual de obras que se van realizar e o importe dos gastos de mantemento dos ditos investimentos reduciron notablemente as necesidades de financiamento. Non obstante, o mantemento dun nivel eficiente de investimentos en materia de seguranza é fundamental para manter a protección da seguranza e a orde pública nos recintos deportivos, polo que a vinculación de fondos das quinielas a esta necesidade resulta aínda necesaria, en especial naqueles recintos en que de xeito sobrevido, por circunstancias da competición ou pola obsolescencia dos primeiros investimentos, resulta necesario abordar reformas ou instalar novos equipamentos, sendo así mesmo preciso financiar o mantemento dos xa existentes.

Polo tanto, sen renunciar ao obxectivo de garantir os investimentos que sexan necesarios e adecuados en materia de seguranza que inspirou reformas precedentes, parece conveniente flexibilizar o criterio que prevé destinar obrigatoriamente un mínimo do 30 por cento da porcentaxe de recadación destinada á Liga Nacional de Fútbol Profesional. Neste sentido, e co fin de racionalizar esta liña de gasto, óptase por vincular o importe dos investimentos en materia de seguranza ás necesidades reais de financiamento de obras de adaptación e mellora que xurdan en cada tempada, baixo a supervisión, en todo caso, da Comisión de Seguimento da Participación nas Quinietas, órgano encargado de velar polo efectivo cumprimento do destino destes fondos. Esta comisión, formada polo Consello Superior de Deportes, a Liga Nacional de Fútbol Profesional e representantes da entidade Lotarías e Apostas do Estado, dos ministerios de Interior, Traballo e Inmigración e da Axencia Tributaria, considérase o órgano idóneo para determinar e concretar mediante informe esas necesidades para cada tempada.

Así mesmo, e en liña coa reforma operada polo Real decreto 98/2003, do 24 de xaneiro, preténdese vincular o destino dos fondos recibidos ao cumprimento por parte dos clubs e sociedades anónimas deportivas de determinadas obrigas inherentes ao desenvolvemento da competición deportiva, dándolle así cumprimento ao convenio colectivo do fútbol profesional. A complexa situación en que se desenvolve o mundo do fútbol mostra a necesidade de reforzar a posición dun dos seus axentes fundamentais: os xogadores. E para iso preténdese ofrecer un sistema que garanta as obrigas derivadas do convenio colectivo, dándolle así protección a este colectivo, garantindo que os clubs de fútbol cumpran cos compromisos económicos asumidos cos xogadores antes de recibir fondos que poidan aplicar á satisfacción doutro tipo de necesidades.

Na súa virtude, por proposta da ministra da Presidencia e da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do artigo 3.1 do Real decreto 258/1998, do 20 de febreiro, de modificación parcial do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e os premios nas apostas deportivas do Estado e outros xogos xestionados polo organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado e se ditan normas complementarias.*

O punto 1 do artigo 3 do Real decreto 258/1998, do 20 de febreiro, de modificación parcial do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios nas apostas deportivas do Estado e outros xogos xestionados polo Organismo Nacional de Lotarías e Apostas do Estado (na actualidade entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado) e se ditan normas complementarias, queda redactado nos seguintes termos:

«1. O importe previsto no artigo 1.c) do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, modificado polo artigo primeiro deste real decreto, será destinado pola Liga Nacional de Fútbol Profesional, que deberá acreditar estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social previamente á súa recepción, ás seguintes finalidades:

a) Con carácter preferente, ao pagamento das débedas contraídas pola Liga Nacional de Fútbol Profesional como consecuencia da cancelación anticipada do Plan de Saneamento do Fútbol Profesional previsto na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

b) En segundo termo:

1.º Á construción, ampliación, remodelación, adaptación, mellora, mantemento e conservación dos estadios e instalacións deportivas en que se celebren ou teñan expectativa de se celebren as competicións de carácter profesional e ámbito estatal, co fin de cumprir as previsións establecidas en cada momento en materia de

seguranza e prevención da violencia nos espectáculos deportivos. Sobre a cantidade anual para esta finalidade deberá emitir informe favorable a Comisión de Seguimento da Participación nas Quinielas.

2.º Á garantía e, de ser o caso, ao pagamento das débedas salariais que manteñan as entidades afiliadas á Liga Nacional de Fútbol Profesional cos seus xogadores, de conformidade co previsto no convenio colectivo subscrito coa representación dos xogadores profesionais. En caso de que a liga recupere calquera cantidade económica utilizada para estes efectos, deberá empregala para a mesma finalidade enunciada».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ